



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	ECUACIÓNS DIFERENCIAIS		Código	730G04011
Titulación	Grao en enxeñaría en Tecnoloxías Industriais			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Formación básica	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	Matemáticas			
Coordinación	Anton Nacimiento, Jose Augusto	Correo electrónico	jose.augusto.anton@udc.es	
Profesorado	Anton Nacimiento, Jose Augusto Deibe Díaz, Álvaro	Correo electrónico	jose.augusto.anton@udc.es alvaro.deibe@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Esta materia pretende presentar de forma rigorosa todos os métodos clásicos para resolver ecuacións diferenciais, tanto ordinarias como en derivadas parciais. Tamén se presentarán as situacións físicas que conducen á formulación das devanditas ecuacións.			
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Non se modifican os contidos.</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>Non se modifican as metodoloxías salvo o seu carácter presencial.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>Faráanse por Teams e por correo electrónico.</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>Modificarse a porcentaxe dos traballos tutelados a un 30% para darlle máis peso a avaliación presencial que xa se realizase en caso de que non se poda facer a proba mixta de maneira presencial. A avaliación modifícase neste caso da seguinte forma: solución de problemas 10%, traballos tutelados 30%, proba mixta 60%.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>Indicaránse recursos online adicionais se é necesario.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	FB1 Capacidade para a resolución dos problemas matemáticos que poidan formularse na enxeñaría. Aptitude para aplicar os coñecementos sobre: álgebra lineal; xeometría; xeometría diferencial; cálculo diferencial e integral; ecuacións diferenciais e en derivadas parciais; métodos numéricos; algorítmica numérica; estatística e optimización.
B1	CB1 Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita encontrarse a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo



B2	CB2 Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B5	CB5 Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprenderen estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B6	B3 Ser capaz de concibir, deseñar ou poñer en práctica e adoptar un proceso substancial de investigación con rigor científico para resolver calquera problema formulado, así como de comunicar as súas conclusións ?e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan? a un público tanto especializados como leigo dun xeito claro e sen ambigüidades
B7	B5 Ser capaz de realizar unha análise crítica, avaliación e síntese de ideas novas e complexas
C1	C3 Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	C6 Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben afrontarse.
C5	C7 Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Resolve problemas matemáticos que poden aplicarse na enxenería.	A1	B1 B2 B5 B6 B7	C1 C4 C5
Ten aptitude para os coñecementos de ecuacións diferenciais.	A1	B1 B2 B5 B6 B7	C1 C4 C5

Contidos	
Temas	Subtemas
Os bloques e temas seguintes desenvolven os contidos establecidos na Memoria de verificación.	Ecuacións e sistemas de ecuacións diferenciais ordinarias. Ecuacións en derivadas parciais.
Introdución as ecuacións diferenciais	Clasificación dunha ecuación diferencial. Tipos de solucións: solución xeral e solución particular. Ecuación diferencial dun feixe de curvas planas. Consideracións xeométricas: curvas isoclinas e curvas integrais. Solucións singulares.
Ecuacións diferenciais ordinarias de primeira orde	Teorema de existencia e unicidade da solución. Ecuacións de variables separadas. Ecuacións reducibles a unha de variables separadas. Ecuacións homoxéneas. Ecuacións reducibles a homoxéneas. Ecuacións diferenciais exactas. Factores integrantes. Ecuacións lineais. Ecuación de Bernoulli. Ecuacións de primeira orde non lineais na derivada. Ecuación de Lagrange. Ecuación de Clairaut. Interpretación xeométrica das solucións singulares: envolvente dun feixe de curvas. Traxectorias dun feixe de curvas planas.
Ecuacións diferenciais de orde superior	Tipos de ecuacións cuxo orde pode rebaixarse. Ecuacións homoxéneas. Ecuacións diferenciais lineais. Ecuación homoxénea e non homoxénea. Métodos para integrar as ecuacións diferenciais lineais completas: variación das constantes. Ecuacións diferenciais lineais con coeficientes constantes. Solución xeral da ecuación completa mediante coeficientes indeterminados. Ecuacións diferenciais lineais con coeficientes variables: ecuación de Euler.



Transformada de Laplace	Transformada de Laplace. Algunhas transformadas inmediatas. Funcións definidas a trozos e funcións periódicas. Transformada Inversa. Aplicación as ecuacións diferenciais. Convolución de funcións e produto de transformadas.
Ecuacións definidas por series	Solucións por Series de Potencias para ecuacións de primeira orde. Solucións analíticas de ecuacións diferenciais lineais. Ecuación de Legendre. Ecuación de Hermite. Puntos singulares. Solución ó redor dun punto singular. Ecuación de Bessel. Propiedades das funcións de Bessel. Funcións modificadas de Bessel.
Sistemas de ecuacións diferenciais	Métodos de Integración dos sistemas de ecuacións diferenciais. Métodos baseados no uso do operador D. Métodos baseados no uso da Transformada de Laplace. Sistemas de ecuacións diferenciais lineais. Método de variación das constantes. Métodos de redución de sistemas de orde superior. Sistemas de ecuacións diferenciais lineais homoxéneos con coeficientes constantes.
Introdución as ecuacións en derivadas parciais	Definición. Ecuacións en derivadas parciais lineais e case-lineais. Ecuación funcional. Ecuacións en derivadas parciais de primeira orde.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 B1 B5 C4 C5	30	42	72
Solución de problemas	A1 B2 C1 C4	20	30	50
Traballos tutelados	A1 B6 B7 C1	10	15	25
Proba mixta	A1 B2 C4	0	2	2
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Desenvolvemento dos contidos máis teóricos da materia así como dos principais métodos prácticos de resolución de ecuacións. Utilizaranse medios audiovisuais e fomentarse a participación do alumno.
Solución de problemas	Aplicación dos diferentes métodos de resolución das ecuacións diferenciais a casos prácticos. Realizaranse problemas na lousa e outros os realizarán os propios alumnos en clase mentres o profesor atende as dúbidas que poidan xurdir.
Traballos tutelados	Probas que se realizarán en clase despois de verificar o traballo de alumno nun conxunto de problemas. Os traballos poden ser tutelados.
Proba mixta	Proba que recolle preguntas tipo de probas de ensaio (como a resolución de problemas) e preguntas tipo de probas obxectivas.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Solución de problemas	Atender as necesidades e consultas do alumno relacionadas ca materia e o estudio.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A1 B6 B7 C1	Probas obxectivas que se realizarán durante o curso despois de verificar os traballos realizados polos alumnos.	20



Solución de problemas	A1 B2 C1 C4	Consistirá en resolver unha situación problemática concreta, a partir dos coñecementos que se traballaron, que pode ter máis dunha posible solución.	10
Proba mixta	A1 B2 C4	Consistirá nun exame escrito de cinco ou mais problemas de aplicación.	70
Outros			

Observacións avaliación

Os criterios de avaliación da segunda oportunidade son os mesmos cos da primeira oportunidade. A solución de problemas e os traballos tutelados forman parte da avaliación continua.

O alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia poderá optar o 100% da nota mediante a realización das probas obxectivas que se concreten durante o curso.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Simmons (). Ecuaciones diferenciales. Mc Graw Hill- López Rodríguez (). Problemas resueltos de ec. diferenciales. Thomson- Nagle (). Ecuaciones diferenciales. Addison Wesley- Spiegel (). Ecuaciones diferenciales aplicadas. Prentice Hall- Granero, F. (). Calculo integral. Addison Wesley
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Ward Brown (). Variable compleja. Mc Graw Hill- Giordano/ Weir (). Differential Equations. Addison Wesley- Ledder (). Ecuaciones diferenciales. Mc Graw Hill

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

CÁLCULO/730G04001

ÁLXEBRA/730G04006

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Para axudar a conseguir un entorno sostido e cumprir co obxectivo da acción número 5 (?Docencia e investigación saudable e sustentable ambiental e social? do "Plan de Acción Green Campus Ferrol"), a entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia: Solicitaranse en formato virtual e/ou soporte informático. Realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos. En caso de ser necesario realízalos en papel. Non se empregarán plásticos. Realizaranse impresións a dobre cara. Empregarase papel reciclado. Evitarase a impresión de borradores. Débese de facer un uso sustentable dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías